

BASES PARA A CONCESIÓN DO “GROVE DE PRATA”

A Xunta Directiva de EMGROBES, na reunión ordinaria do día 29 de outubro de 2007, acordou, por unanimidade, otorgar un premio ao que se denominará “O Grove de Prata”, redactándose as seguintes bases para a súa concesión:

1. Este premio otorgarase con periodicidade anual, a partir do 10 de novembro de 2007, como iniciativa da Asociación de Empresarios Groveses de Bens e Servicios.
2. Optarán a dito recoñecemento os representantes de empresas que, estando asociadas a EMGROBES durante un tempo ininterrompido de como mínimo 10 anos, se xubilasen (cesaran na súa actividade ou traspasasen o seu negocio) durante o período comprendido entre o 11 de novembro do ano anterior a aquel no que se fai a entrega do premio e o 10 de novembro do mesmo, incluíndo ámbalas dúas datas.
3. Asimesmo, poderanse ter en conta motivos especiais que a Xunta Directiva en funcións considere relevantes á hora de otorgar o premio.
4. A denominación “GROVE DE PRATA” fai referencia ao logotipo do Centro Comercial Aberto “De Tendos”, silueta da península grovese coa súa Illa da Toxa.



centro comercial aberto
O GROVE